

# OBRADOIRO CÓMIC, EXPRESIÓN A TRAVÉS DO DEBUXO

ASAC ASOCIACIÓN DE ALTAS CAPACIDADES DE GALICIA



**MONITOR:** Manuel Caride (Ilustrador)

## **OBXECTIVO XERAL:**

A banda deseñada, ou cómic, é un medio excelente para desenvolver as inquietudes artísticas a calquera idade. O seu potencial expresivo é moi completo ó aglutinar moitas disciplinas do mundo da arte nunha, como pode ser a escritura, a pintura, o debuxo e incluso a fotografía ou o cine.

Pártese da idea de que todo neno/a é posuidor/a dun temperamento artístico e un talento creativo. A partir do traballo na aula búscase que o neno/a chegue a comprender, assimilar, aprender, interpretar... as fórmulas de realización gráfica da banda deseñada.

Os contidos a ensinar neste obradoiro divídense en dous grandes bloques: o debuxo e o texto.

- **O debuxo:** engloba a perspectiva, os elementos básicos de anatomía, a anatomía expresiva, a anatomía en acción, as expresións faciais, a creación de personaxes, o bocadillo, a viñeta, os planos (xeral, medio e primeiro plano), picado, contrapicado, o xesto, a postura, o entintado (rotulación) e os materiais (lapis, lapis de cores, rotuladores, ceras...).
- **O texto:** o guión, o uso das palabras, a historia e imaxes, o desenvolvemento da historia...



## EXEMPLOS DE ACTIVIDADES:

Nun primeiro momento a actividade centrarase en introducir as nocións básicas de realización dun cómic para, máis adiante, comezar a realizar exercicios como os que se detallan a continuación:

**Exercicio 1:** Debuxar un personaxe no interior dun marco coa mesma posición e a mesma actitude pero variando os planos (primeiro plano, plano medio e plano americano):

- Debuxar un personaxe en plano medio con entre cinco e dez expresións diferentes.
- Debuxar un personaxe en plano enteiro con entre cinco e dez actitudes diferentes.
- Debuxar sen marco un mesmo personaxe e a descomposición dun movemento ou dunha acción.
- Debuxar unha tira (unha historia nunha banda) de catro viñetas cun personaxe en plano fixo falando.
- Debuxar unha tira de catro viñetas cun personaxe cantando e cambiando o encadre (pódese utilizar os mesmos diálogos do exercicio anterior).
- Debuxar unha tira de catro viñetas con dous personaxes falando entre eles e cambiando os encadres (pódense utilizar os mesmos diálogos do exercicio anterior).



6

**Exercicio 2:** Debuxar unha tira de catro viñetas cos personaxes que o alumnado queira. Facerlles falar con bocadillos que conteñan debuxos.

- Debuxar unha tira de catro viñetas e que os personaxes falen normalmente e engadirles bocadillos de pensamento con debuxos que dean unha idea dos seus sentimentos ou dos seus pensamentos reais.
- Debuxar unha viñeta co maior número de onomatopeas posibles.
- Debuxar unha tira sen bocadillos, só con pés de texto.
- Debuxar un personaxe en plano picado.
- Debuxar un decorado en plano picado. Por exemplo, un/a mesmo/a no seu cuarto ou en clase.
- Debuxar un personaxe en plano contra picado.
- Debuxar un decorado en plano contra picado. Por exemplo, un/a mesmo/a na rúa.
- En dúas viñetas, tratar de obter un efecto de movemento debuxando un personaxe andando que non cambie de tamaño, pero cambiando de decorado.
- En dúas viñetas, tratar de obter un efecto zoom de avance e outro de retroceso.
- O mesmo, pero engadindo bocadillos ou pés de texto.

**ENLACES E/OU RECURSOS DE INTERESE:**

Crea as túas propias bandas deseñadas, compárteas na rede ou imprímeas:

<http://www.genmagic.net/generadordefichas/fichasdelengua/fcontes2.html>

<http://www.toondoo.com/Home.toon>

<http://www.makebeliefscomix.com/Comix/>

<http://pixton.com/es/home>